

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2026

1. NORMATIVA APLICABLE

De conformidade co artigo 25 letra m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, convócanse subvencións á celebración de festas de barrio para as asociacións veciñais do concello da Coruña, durante o ano 2026.

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en diante, IMCE) ten atribuídas estatutariamente as competencias para a promoción de eventos como as festas da cidade.

A presente convocatoria axustarase ao preceptuado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

A convocatoria rexerase por estas as súas propias Bases reguladoras e pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 157, do 16 de agosto de 2024. En materia económico-financeira polo disposto nas bases de execución do orzamento do IMCE.

2. OBXECTO

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos, con competencias para a promoción dos valores socio-culturais da cidade, realiza esta convocatoria de subvencións públicas co obxectivo de promover durante o ano 2026 a organización e celebración de festas populares, exclusivamente de carácter veciñal, chamadas comunmente “Festas de Barrios”.

3. FINALIDADE

Con esta convocatoria preténdese manter e recuperar as festas tradicionais ou de arraigo cultural relacionadas con acontecementos ou festividades que reflectan a idiosincrasia dos barrios e zonas da cidade e que se celebren segundo os usos e costumes herdados, así como dinamizar e desenvolver de forma equilibrada a vida social e comunitaria en todo o territorio municipal, e impulsar a actividade económica dos profesionais e empresas do sector cultural.

4. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias das subvencións obxecto destas bases as entidades solicitantes que cumpran cos seguintes requisitos, que deben manterse durante todo o período de realización da actividade subvencionada:

- Asociacións veciñais sen ánimo de lucro, con se no concello da Coruña e que se atopen rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña (REMAC) na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Ademais, as entidades beneficiarias deberán:

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.
- Non incorrer nas causas de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións ás que se refire o conxunto da normativa reguladora desta convocatoria.

5 . ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As actividades para as que se solicita a subvención deberán ter un carácter aberto e gratuíto, estar destinadas a todos os públicos e corresponder coa organización dunha festa de barrio da cidade da Coruña.

Non terán a consideración de actividades subvencionables as destinadas unicamente a socios/as da entidade ou as restrinxidas a determinados públicos, nin as que impliquen a necesidade dun desembolso económico por parte das persoas usuarias.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables todos aqueles gastos correntes que teñan relación directa coa organización e celebración da festa de barrio e que se orixinen dentro do período subvencionable.

En todo caso, o importe de cada un dos gastos non poderá superar o importe do valor de mercado para o tipo de servizo e subministro do que se trate.

O gasto debe ser abonado directa e efectivamente pola entidade beneficiaria da subvención.

A título de exemplo, son gastos subvencionables:

- Cachés e producións dos espectáculos: remuneración de artistas e promotores.
- Aluguer de escenarios, vallas, sillas, mesas, etc.
- Gastos de persoal de carga e descarga.

- Aluguer de equipos de son e iluminación e gastos do persoal técnico especializado para o seu manexo.
- Instalación eléctrica e subministro de auga destinado directamente á celebración da festa.
- Decoración: arcos de luces, etc., sempre na modalidade de aluguer ou de contrato de servizos, nunca na de compra.
- Gastos de publicidade: impresión de carteis, publicación de anuncios, servizos de internet, campañas publicitarias, etc.
- Gastos de xestión e asesoría (administración, contabilidade e xestión) sempre que estean relacionados coa organización das festas e/ou a tramitación e xustificación da subvención. Debe quedar debidamente xustificado que o importe do gasto correspóndese exclusivamente con esa finalidade.
- Contratación de vixilancia privada e/ou auxiliares de cruce.
- Contratación de ambulancias e/ou persoal de atención sanitaria.
- Aluguer de todos os elementos precisos para o adecuado desenvolvemento da festa.
- Gastos en comida e bebida precisos para o desenvolvemento da festa, tales como caterings incluídos nos rider dos artistas. Non se consideran subvencionables os gastos en comida e bebida dos organizadores.
- Pirotecnia.
- Gastos derivados do seguro de responsabilidade civil subscrito pola entidade para a realización da festa.
- Gastos de dereitos de autor pola celebración dos eventos da festa que teña que asumir a asociación.

(Os dereitos de autor dos eventos que corran a cargo do IMCE asumiraos o organismo autónomo, pero os dereitos de autor das contratacións realizadas polas entidades beneficiarias da subvención teñen que ser asumidas por estas. O IMCE prestará en todo momento apoio e asesoramento para a xestión dos dereitos de autor que corresponda asumir ás entidades beneficiarias da subvención. O IMCE comprométese a negociar coa entidade xestora dos dereitos de autor un acordo global en común para todo este tipo de actividades)

- Todos aqueles gastos que se detallen na solicitude e que o persoal técnico que deba tramitar o expediente de subvención considere que son necesarios para o adecuado desenvolvemento da festa.

PROHIBICIÓN DE CONTRATAR CON PERSOAS E ENTIDADES VINCULADAS.

Non está permitida a contratación con persoas ou entidades vinculadas.

SUBCONTRATACIÓN

Enténdese por subcontratación a contratación, con terceiras persoas distintas da propia entidade beneficiaria da subvención, de servizos de planificación, organización, coordinación e supervisión da festa, así como de calquera outra responsabilidade, función ou actuación relacionada coa súa definición e estruturación.

Non se entende por subcontratación, a realización de todas aquelas contratacións de servizos e subministracións que sexan precisos para a realización da actividade e que non impliquen labores de planificación, organización, coordinación e supervisión.

Está permitida a subcontratación ata o 50% do importe da actividade subvencionada, excepto con persoas ou entidades vinculadas.

A subcontratación deberase realizar con persoas ou empresas con experiencia acreditada na organización deste tipo de festas e espectáculos.

En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións prevista na lei de subvencións.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que devandito pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1.^a Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente.

2.^a Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e que non obtiveran a subvención por no reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

CONTRATACIÓN

Permítese a contratación con terceiras persoas de todos os demais gastos subvencionables (servizos e subministracións) necesarios para a realización da actividade e a correcta execución da festa.

GASTOS DE CARÁCTER XERAL

A maiores dos gastos directos relacionados coa organización da festa, a entidade poderá solicitar ata un 5% de gastos de carácter xeral (ou gastos indirectos) que non requirirán de xustificación.

7. GASTOS NON SUBVENCIONABLES

Son aqueles gastos que non teñen relación directa coa organización da festa ou que non se consideran precisos, e, polo tanto, non terán o carácter de subvencionables.

A título de exemplo:

- Gastos de xestión e asesoría que non estean directamente relacionados coas actividades obxecto do proxecto.
- Adquisición de inmovilizado, tanto material como inmaterial, elementos amortizables, material inventariable e todo aquilo que incremente o patrimonio da entidade beneficiaria. (Si está permitido o aluguer).
- Gastos en artigos de merchandising (camisetas, bolsas, bolígrafos, etc.).
- Honorarios, retribucións ou axudas de custo das persoas membros da directiva da entidade beneficiaria.
- Cotas asociativas.
- Impostos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

O persoal técnico do IMCE realizará unha revisión dos orzamentos previstos de gastos de cara a orientar á entidade sobre os que se consideran ou non subvencionables.

8. GASTOS EXCLUÍDOS DO ORZAMENTO DA ACTIVIDADE QUE PODEN SER ASUMIDOS POLO IMCE OU POLO CONCELLO DA CORUÑA

O IMCE, así como o Concello da Coruña, poñerán a disposición das Asociacións Veciñais os medios dos que dispoñan para o bo desenvolvemento da festa, sen que isto se considere que forma parte dos gastos e ingresos obxecto da subvención.

Poderanse ceder mesas, cadeiras, vallas, tarimas, etc., sempre que exista dispoñibilidade. Será a entidade beneficiaria a que teña que encargarse do traslado destes materiais das dependencias municipais, constituíndo os posibles custos de transporte un gasto subvencionable.

O IMCE encargarse da subministración e do custe dos baños químicos que se consideren necesarios para a celebración das festas

O Concello da Coruña prestará o servizo de limpeza viaria e colocación e retirada de colectores de lixo, así como de Policía Local e Protección Civil, se así se considera preciso por parte da Área de Seguridade Cidadá.

Cada caso se analizará de forma separada, previa petición da entidade veciñal.

9. IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN É LIMITACIÓN DO NÚMERO DE SOLICITUDES PRESENTADAS

O importe máximo da subvención concedida por cada proxecto presentado será de vinte mil (20.000,00) euros.

Cada asociación veciñal poderá presentar un máximo de dúas (2) solicitudes, debendo de tratarse de festas debidamente diferenciadas e que teñan a entidade suficiente como para considerarse unha festa de barrio.

En función do número de solicitudes presentadas en conxunto e do crédito total dispoñible, realizarase o reparto económico do crédito en base aos criterios de valoración previstos nestas bases e establecerase o importe final da subvención concedida a cada proxecto.

10. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCÍONS

A obtención destas subvencións é compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade de fomento e promoción da cultura, que en todo caso deberán ser declarados e comunicados ao IMCE e que non poderán supor un importe da subvención superior ao gasto subvencionable.

11. ÁMBITO TEMPORAL

A actividade subvencionable deberá celebrarse entre 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

A efectos desta convocatoria, enténdese por festa a que se celebre nun barrio ou zona unha vez ao ano, nun único día ou en días consecutivos.

12. ÁMBITO TERRITORIAL

As actividades subvencionables deberán celebrarse dentro do termo municipal da Coruña.

Cada unha das festas terá como ámbito propio o correspondente ao barrio ou zona que a celebre.

13. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

13.1 Son obrigas das entidades beneficiarias da subvención as seguintes:

- A realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- O emprego dos fondos percibidos no obxecto e para a finalidade para os que foron outorgados.
- Comunicar por escrito e de forma fidedigna calquera modificación que se pretenda efectuar sobre a proposta presentada, que deberá ser autorizada polo IMCE.
- Dar a adecuada publicidade do carácter municipal do financiamento recibido, nun lugar visible, en todas as actividades e en todos os produtos vinculados á festa obxecto da subvención que se mostren ou se comuniquen de forma pública. De forma expresa deberán adoptarse as seguintes instrucións:

- ✓ Inclusión dos elementos de imaxe corporativa municipal.
- ✓ A comunicación escrita e oral deberá estar en lingua galega e deberá facer un uso inclusivo e non sexista da linguaxe.

-Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo IMCE, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- Comunicar ao IMCE a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá de efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- As demais obrigas establecidas na normativa reguladora da concesión de subvencións públicas.

13.2 Cunha antelación mínima de dous (2) meses á celebración da festa, a entidade beneficiaria deberá presentar ante ao IMCE a seguinte documentación:

- Unha declaración responsable acompañada do seguro de responsabilidade civil previsto na Lei de Espectáculos Públicos e demais documentación que se lle requira como responsables da actividade que pretenden desenvolver.

- A petición das necesidades de limpeza, contenedores de lixo, cortes de tráfico e reservas de estacionamento de vehículos que se consideren necesarios para a realización da actividade.

Respecto ás reservas de estacionamento de vehículos e acceso de vehículos autorizados é responsabilidade dos organizadores da festa colaborar co concello para que se cumpran as restricións de tráfico.

- Un plano coa distribución das instalacións (escenario, barra, mesas, atraccións, ...)

- En caso de que se instalen atraccións ou postos de feirantes, deberase aportar toda a documentación á que se refire a normativa de espectáculos públicos e demais que lle sexa de aplicación.

- Unha proposta de cartel das festas, no que se deduza o cumprimento da obriga de publicidade do financiamento municipal, para a súa conformidade polo IMCE

13.3 As actividades obxecto da subvención, deberase cumprir cos seguintes criterios de protección medioambiental:

- Con carácter xeral, será posible o uso de zonas verdes, arboradas ou axardinadas, así coma dos espazos naturais da cidade para o desenvolvemento de actividades, sempre e cando non exista outra localización posible para elas e coa condición de que o Servizo de

Medio Ambiente considere ese uso compatible e que se cumpran as condicións por el establecidas.

- As actividades non poderán contemplar ningún tipo de intervención sobre as árbores e plantas do patrimonio municipal, xa sexa coma elementos principais da actividade ou como elementos accesorios para a soporte de materiais ou das instalacións. A instalación de estruturas non debera realizarse sobre espazos axardinados.
- Aquelas actividades que requiran abastecemento de auga non poderán usar bocas de incendios, redes de rega e demais elementos destinados aos servizos municipais. Por outra banda, a actividade non poderá levar a vertedura de augas residuais sobre superficies axardinadas e escavas ou sobre a vía pública.
- As actividades que requiran subministración eléctrica non poderán facer uso das instalacións asociadas ao mantemento de parques e xardíns ou outros servizos municipais, como a rede municipal de iluminación. Deberán obter, en calquera caso, o correspondente boletín emitido por un instalador eléctrico autorizado.
- Se se utilizasen moto-xeradores, compresores ou aparellos de similares características, ou ben se se utilizasen focos de calor (fornos, grelladas ou similares), estes deberán estar a una distancia mínima de 3 metros da proxección vertical da copa das árbores, coas súas saídas de fume dispostas en sentido contrario á localización da vexetación.
- Durante o desenvolvemento da actividade e das tarefas de montaxe e desmontaxe das instalacións, evitase a cerramento de plataformas e calzadas dos xardíns. Deberase permitir, en todo momento, a paso aos vehículos que operan no seu servizo e mantemento. Nos parques e zonas axardinadas, a actividade non poderá levar a circulación de vehículos por lugares nos que non estea permitido, ao pór en risco a integridade dos elementos de rega soterrados.
- As arquetas e elementos de rexistro en superficie de calquera servizo público e, en particular, da rega, deberán permanecer en todo momento libres de ocupación.
- A actividades non deberán levar a alteración dos horarios daqueles parques que están sometidos a un réxime de apertura e peche.
- A entidade organizadora do evento deberá prever os medios necesarios para manter as condicións de limpeza e ornato do espazo afectado. Así, disporá os medios de protección necesarios para evitar manchas sobre o pavimento ou outros elementos residuais provenientes tanto da actividade como da montaxe e desmontaxe de calquera infraestrutura que puidese requirirse para a realización do evento. Así mesmo, achegará os medios de protección necesarios para evitar que os residuos se espaxen fóra do sistema de contedores disposto polo Concello.

14. PROCEDEMENTO

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva.

O crédito orzamentario, límite do importe total das subvencións que se poden conceder ao abeiro da convocatoria, establécese en cincocentos mil (500.000,00) euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 338/482.00 do orzamento do IMCE de 2026.

O importe máximo da subvención concedida por cada proxecto é de vinte mil (20.000,00) euros.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión, sen que a omisión final de crédito que impedira a concesión da subvención supoña dereito indemnizador algún en favor dos solicitantes.

14.1 ÓRGANOS COMPETENTES

INSTRUCCIÓN. Corresponde ao IMCE, que actuará en calidade de órgano instrutor.

RESOLUCIÓN. O órgano competente para a resolución será a Presidencia do IMCE.

14.2 INFORMACIÓN E ASISTENCIA

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional no teléfono 981 184 233, a través do enderezo de correo electrónico imce@coruna.gal e nas dependencias administrativas do IMCE, localizadas na planta baixa da Casa de Paredes, Avenida da Mariña 18 15003 A Coruña.

14.3 PUBLICIDADE

A presente convocatoria anunciarase no BOP (onde se publicará un extracto da mesma) por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), incorporándose ao Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (SNPS) <https://www.infosubvenciones.es/>.

14.4 FORMULARIO DE SOLICITUDE

Inclúe:

- Modelo de solicitude (segundo o modelo do Anexo I)
- Proxecto (segundo o modelo do Anexo II).
- Orzamento de ingresos e gastos previstos (segundo o modelo do Anexo III).

O proxecto incluírá un detalle coa denominación da festa, barrio, datas previstas de celebración, número de persoas asistentes, programa detallado e todos aqueles datos que sexan obxecto de valoración de acordo coas bases reguladoras na convocatoria.

O orzamento de ingresos e gastos deberá conter un cadro económico detallado das previsións de todos os gastos e ingresos da festa. En ningún caso, a suma dos ingresos, incluída a subvención solicitada, poderá superar o total dos gastos orzados.

14.5 PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse, preferentemente, por medios electrónicos, a través de sede electrónica do Concello da Coruña dirixindo a solicitude ao IMCE.

Excepcionalmente, poderase permitir a presentación das solicitudes de forma presencial no rexistro do IMCE, situado na Avda. Mariña número 18, 15003 A Coruña.

REPRESENTACIÓN. As solicitudes achegaranse polas propias persoas solicitantes ou por calquera persoa ou entidade que as represente, e que asegure o consentimento daquelas por calquera medio válido en dereito.

PRAZO. As solicitudes de subvención achegaranse **no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.**

As solicitudes presentadas fóra de prazo non se terán en conta para resolver a convocatoria.

14.6 PRAZO DE ALEGACIÓNS

Logo de finalizar o prazo de presentación das solicitudes, publicaranse na páxina web de Cultura (www.coruna.gal/cultura) todas as solicitudes presentadas e abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para formular alegacións. No prazo de alegacións non se admitirán novas solicitudes.

14.7 EMENDA

Se a solicitude de subvención non reunise os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación achegada, o órgano instructor requirirá á persoa solicitante para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo de dez (10) días hábiles, indicando que se non o fíxese teráselle por desistido/a da súa solicitude, previa resolución.

A notificación deste requirimento poderá ser substituída pola publicación no BOP da Coruña ao tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, fornecendo os mesmos efectos.

14.8 REFORMULACIÓN

O IMCE e a entidade solicitante poderán contactar de cara a reformular as propostas presentadas a fin de axustalas aos criterios da convocatoria, ao resto da programación cultural municipal, ás circunstancias sobrevidas ou por calquera outra causa que se axeite ao interese público, previa á súa avaliación e valoración.

14.9 AVALIACIÓN E VALORACIÓN

AVALIACIÓN

O órgano instructor do procedemento de concesión das subvencións realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos requisitos e dos datos requiridos para a avaliación das propostas.

As actividades de instrución comprenderán a petición ás entidades solicitantes da documentación de emenda ou adicional que sexa requirida polas bases desta convocatoria e polas demais normas que a regulan.

Aquelas propostas que tralo prazo de alegacións incorran en erros ou omisións non corrixidos quedarán excluídas da convocatoria.

A valoración das propostas realizarase por unha Comisión de Avaliación composta por persoal técnico do IMCE e persoal técnico do Servizo Municipal de Cultura, que se designen pola Presidencia do IMCE mediante resolución.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

A avaliación realizarase a partir de criterios obxectivos cuantificables, con base na información presentada e de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

1. En función do proxecto presentado: ata un máximo de 70 puntos.

Valorarase en conxunto a proposta presentada, de forma comparativa co resto de propostas, tendo en conta os seguintes criterios:

- Proxecto detallado, cunha programación concreta e que teña presente todos os medios precisos para a organización da festa.
- Actividades dirixidas a todos os públicos e todas as idades.
- Con proposta en diferentes medios de difusión para coñecemento xeral.
- O uso da lingua galega nas diferentes actuacións.
- Con predominio na contratación de artistas e empresas locais.
- Coa colaboración dos medios dos que dispón a Asociación Veciñal, así como outras entidades ou axentes do barrio (hostalaría, asociacións culturais, etc.).
- Viabilidade económica do proxecto. E dicir, que o proxecto en conxunto sexa viable e que se teñan en conta todos os gastos precisos e non só os derivados das contratacións artísticas.

2. En función do número de socios/as das Asociación Veciñal: ata 10 puntos

- Ata 50 socios/as: 2 puntos
- De 51 a 100 socios/as: 4 puntos
- De 101 a 200 socios/as: 6 puntos
- A partir de 201 socios/as: 10 puntos

3. En función da antigüidade da festa (sen contar o ano 2026): ata 10 puntos

- De 0 a 2 anos: 1 puntos

- De 3 a 5 anos: 4 puntos
- De 5 a 7 anos: 5 puntos
- De 8 a 10 anos: 7 puntos
- Mais de 10 anos: 10 puntos

4. En función da antigüidade da asociación (sen contar o ano 2026): ata 10 puntos

- De 0 a 2 anos: 1 puntos
- De 3 a 5 anos: 4 puntos
- De 5 a 7 anos: 5 puntos
- De 8 a 10 anos: 7 puntos
- Mais de 10 anos: 10 puntos

UMBRAL MÍNIMO

Serán seleccionados aqueles proxectos que, en aplicación dos criterios anteriores, obteñan polos menos 50 puntos sobre os 100 posibles.

14.10 RESOLUCIÓN

Examinadas as propostas presentadas, o órgano instructor formulará a proposta de resolución. Nela expresarase a relación de entidades solicitantes que cumpren os requisitos e para os que se propón a concesión da subvención, o seu importe, a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala, e fará constar de maneira expresa a desestimación do resto das solicitudes e a súa causa.

A Presidencia do IMCE resolverá o procedemento no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir da data de finalización do prazo de achega de solicitudes. O vencemento deste prazo máximo sen publicar a resolución lexítima ás persoas solicitantes a entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

A resolución definitiva publicaranse na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- A páxina web municipal <https://www.coruna.gal/cultura>
- O Taboleiro de Anuncios e Edictos da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- O Portal de Transparencia do Concello da Coruña <https://www.coruna.gal/transparencia/gl/claridade-na-xestion/subvencions-eaxudas?argldioma=gl>

As notificacións poderán ser substituídas pola publicación no BOP da Coruña ao tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, fornecendo os mesmos efectos.

A información recollida na BDNS incorporarase ao Rexistro Público municipal de Axudas e Subvencións do Concello da Coruña e dos seus organismos públicos, para a súa consulta pública e a elaboración e reutilización da correspondente información estatística, nos termos legal e regulamentariamente aprobados.

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses.

Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo de un (1) mes. Neste caso, o prazo para a achega do recurso contencioso-administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso.

No caso de desestimación presunta, que se producirá no prazo dun mes se non se resolve o recurso de reposición interposto, a interposición do recurso contencioso-administrativo non estará suxeita a prazo de caducidade.

14.11 PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor do beneficiario e o pagamento da achega realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación, nos termos establecidos nesta convocatoria e na normativa reguladora das subvencións públicas.

Producirase a perda ao dereito ao cobro, total ou parcial, da subvención no suposto da falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria (o que poderá facerse no mesmo momento en que se solicite a subvención) e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento por parte do IMCE, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata acadar esta contía. Unha vez efectuada a xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non se poderá realizar o pagamento da subvención ao beneficiario en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

14.12 XUSTIFICACIÓN, COMPROBACIÓN, RENUNCIA E REINTEGRO

PRAZO. Realizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous (2) meses dende a súa finalización, deberá presentarse a documentación precisa para a xustificación da subvención.

FORMA. De conformidade co disposto no artigo 75 do Regulamento da lei xeral de subvencións, ao tratarse dunha subvención de importe inferior a 60.000 euros, establécese a conta xustificada como forma de xustificación da subvención.

Incluirá:

- Impreso de solicitude de xustificación segundo o modelo establecido ao efecto (Anexo IV).
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos resultados obtidos e do grao de cumprimento dos obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.
- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de modo que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias.

De ser o caso, deberán xustificarse as desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado (é dicir, no caso de que a actividade teña un coste inferior ao previsto inicialmente) producirase un reintegro da aportación municipal unicamente polo importe que sexa superior ao coste total da actividade.

- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade, enumerados de forma correlativa, na que se indique o acredor, o seu NIF, o número de factura, a data da emisión da factura e a data de pagamento.
- Certificación do secretario da entidade, co visto e praxe do presidente, sobre as subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada, con independencia de como se reflexe no balance
- Documentación xustificativa de todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, facendo constar o logotipo do Concello de Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e nos termos recollidos no manual de utilización da imaxe corporativa, sinalando a colaboración do Concello da Coruña.
- Acreditación dos gastos realizados a través da presentación das correspondentes facturas ou documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- Acreditación do pagamento bancario de cada un dos gastos. Non se admiten pagos en efectivo. Todos os pagos deben realizarse dende unha conta corrente a nome na entidade que percibe a subvención.
- No caso de que o importe dalgún gasto sexa superior a 14.900 euros, mais IVE, deberán aportar tres orzamentos de tres empresas especializadas de tal forma que se seleccione a oferta mais económica, salvo que se trate de contratacións artísticas onde se poida acreditar que a empresa contratada ostenta a exclusividade do/a artista que se pretenda contratar.

Débense xustificar todos os ingresos e os gastos do proxecto subvencionado, e non unicamente o importe da subvención recibida.

As facturas deben conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Número de factura
- Data de expedición.
- NIF ou CIF, nome e apelidos ou razón social e domicilio, do provedor e da persoa beneficiaria.
- Descrición da operación, detallando a prestación de servizos ou entrega de bens, a data, as unidades e o prezo por unidade, con indicación expresa da finalidade do gasto e do nome do proxecto.
- Base impoñible, tipo de IVE aplicado e cota tributaria. No caso de facturas exentas de IVE, referencia á normativa aplicable. No seu caso, retención do IRPF aplicada polo provedor.

15. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a achega das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos rexistrados neste ficheiro mediante unha comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, situado na praza de María Pita 1, 15001, A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPDGDD Exercicio de dereitos". Xunto coa súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando a fotocopia do DNI. Tamén o poderá facer a través da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>.

16. RECURSOS

As presentes bases e cantos actos administrativos derivasen das mesmas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2026

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME E APELIDOS:			
DOMICILIO:			
NIF:		TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO PARA COMUNICACIÓN DE TRÁMITES E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN:			
EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN			
NOME DA ASOCIACIÓN:			
DOMICILIO:			
NIF:			
Nº REXISTRO REMAC:			
Nº SOCIOS:			
ANO DE CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN:			

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a solicitude de:

SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2026	
Importe que se solicita:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA	
Toda a documentación resinada neste apartado ten carácter obrigatorio. Marque a que se achegue:	
☐	Xustificante/declaración do nº de socios
☐	Certificados de non ter débedas coa Agencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello, ou autorización ao IMCE para recabar os datos correspondentes
☐	Certificado da conta bancaria da asociación
☐	Proxecto para o que se solicita a axuda, o mais detallado posible (Anexo II)
☐	Orzamento total estimado de execución do proxecto, desglosando os diferentes conceptos e as súas partidas económicas correspondentes, de modo que permitan avaliar claramente a dimensión económica do proxecto (Anexo III)
☐	Outra documentación:
Se a documentación xenérica xa consta no IMCE e non existe modificación, e non transcorre o seu prazo de validez (5 anos dende o remate do procedemento ao que corresponda), indique:	
Documentación que obra en poder do IMCE:	

CERTIFICO ante o órgano competente para a concesión da subvención:

1. Que se solicitaron as seguintes subvencións (provenientes de calquera Administración ou Entidade pública ou privada, nacional ou internacional), para as seguintes actividades:

Actividade	Entidade á que se solicitou	Importe solicitado €	Importe concedido €
	Deputación A Coruña		
	Xunta de Galicia		

E comprométese a comunicar aquelas concedidas con data posterior á achega desta solicitude.

2. Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa cualificada como grave ou moi grave.
3. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que, para ser beneficiario/a, se establecen no artigo 13 da lei xeral de subvencións e no artigo 13 da ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.
4. Que son certos todos os datos que constan na solicitude, así como na documentación adxunta; que a actividade ten obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.
5. Que se compromete a presentar a xustificación da axuda concedida no prazo establecido nas bases da convocatoria da subvención. No caso contrario, procederá ao reintegro da cantidade concedida no prazo outorgado, a requirimento do IMCE.
6. Que se compromete a dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido, a través da incorporación dos elementos de imaxe corporativa municipal, nun lugar visible, en todas as actividades e en todos os produtos, realizados ou que se vaian a realizar, que estean vinculados ao proxecto obxecto da axuda.

En , a de de

Firma:

A persoa interesada

Nome e apelidos

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2026

DATOS SOLICITANTE

ENTIDADE :

NIF:

Denominación da festa:

Barrio:

Datas de celebración:

Número de persoas asistentes:

Antigüidade da festa para a que se solicita a subvención:

Descrición do proxecto (indicando as actividades a desenvolver):

Uso do galego nas actividades do proxecto:
Obxectivos do proxecto:
Destinatarios:
Relación con artistas e empresas locais:
Colaboradores no proxecto (outras persoas ou entidades que aporten medios ou actividades):
Recursos humanos, materiais e económicos:
Ferramentas de comunicación pública (detallar o plan de difusión e redes sociais a utilizar):

En , a de de

Firma:

A persoa interesada

Nome e apelidos

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACÍONS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2026Actividade:

Ingresos	Importe €	Gastos (detallar o mais posible)	Importe €
Ingresos da actividade		1. Artistas	
		2. Alugueres	
Subvencións destinadas á actividade (obtidas ou en trámite, excepto a solicitada ao IMCE)		3. Materiais e outros gastos xerais imputables directamente ao proxecto	
Deputación A Coruña			
Xunta de Galicia			
Outros ingresos			
Aportación propia			
		4. Outros gastos	
IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA AO IMCE (*)			
(A) TOTAL INGRESOS		(B) TOTAL GASTOS	

(*) En ningún caso poderá superar os 20.000,00 €, nin o total de ingresos previstos superar ao total dos gastos previstos.

En , a de de

Firma:

A persoa interesada

Nome e apelidos

SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2026

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME E APELIDOS:			
DOMICILIO:			
NIF:		TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO PARA COMUNICACIÓN DE TRÁMITES E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN			
EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN VECIÑAL			
NOME DA ASOCIACIÓN:			
DOMICILIO:			
NIF:			
Nº REXISTRO REMAC:			

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a solicitude de:

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DA CIDADE DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIO NA CORUÑA DURANTE O ANO 2025	
Importe que se xustifica:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA	
Toda a documentación resinada neste apartado ten carácter obrigatorio. Marque a que se achegue:	
☐	1. Memoria da actividade
☐	2. Balance de ingresos e gastos
☐	3. Xustificante das desviacións respecto ao orzamento inicial (de ser o caso)
☐	4. Relación clasificada dos gastos
☐	5. Certificado de outras subvencións e ingresos obtidos
☐	6. Xustificación da difusión da actividade
☐	Outra documentación:

En , a de de

Firma:

A persoa interesada

Nome e apelidos